

O instituto de BUP de Cee programou actos para o Día das Letras Galegas

CARBALLO

Redacción

O instituto de BUP de Cee programou varios actos para o Día das Letras Galegas, anque os responsables do centro xa organizaron diversos eventos durante todo o curso co fin de contribuir a normalización do idioma. Así, no colexio Agra de Raíces impartiron conferencias o escritor Manuel Rivas e mailo locutor Xurxo Souto. Recentemente tamén actuou Quico Cadaval. Ademais convocaron un concurso sobre un xogo interdisciplinar e máis un certame literario.

Mañá, ás 16.30 horas, está prevista a entrega dos premios respectivos ós gañadores. Asimesmo está programado un recital poético a cargo de María Canosa, Xavier Canosa e Rocío Leira. O acto rematará coa actuación das pandereteiras Rueiro da Cancela, de Adro (Baio).

O grupo de teatro do instituto estreará o venres unha obra. O escenificación foi preparada polo concello. A mesma compañía, que está dirixida por Artur Trillo, representará a vindeira semana o mesmo espectáculo no Agra de Raíces.